

## CONVOCATORIA PARA A REALIZACIÓN DE PROXECTOS DE INNOVACIÓN SOCIAL DENTRO DO PROGRAMA LABORATORIO DE INNOVACIÓN CIDADÁN 2017 DA CONCELLERÍA DE PARTICIPACIÓN E INNOVACIÓN DEMOCRÁTICA.

### 1.- INTRODUCCIÓN

O Concello da Coruña, a través da Concellería de Participación e Innovación Democrática, ten entre os seus obxectivos desenvolver programas de participación e innovación social para abordar os retos da cidade e da veciñanza.

Para conseguir este obxectivo, a Concellería de Participación e Innovación Democrática abriu o programa “Laboratorio de Innovación Cidadán” (Co-Lab), espazo de produción de coñecemento a través de grupos de traballo e investigación para impulsar procesos de participación cidadá e innovación cidadá e buscar unha transformación social, que contribúa ao desenvolvemento cultural, social e económico da nosa cidade.

No marco deste programa faise esta convocatoria de proxectos de participación e innovación social con impacto na cidade da Coruña, na súa área metropolitana e, se é o caso, en Galicia e que teñan por misión mellorar a calidade de vida das persoas abordando retos da sociedade do século XXI avanzando cara a unha sociedade máis igualitaria.

### 2.- OBXECTO

Esta convocatoria ten como obxectivo a potenciación da investigación e o desenvolvemento de seis proxectos de participación e innovación social con impacto na cidade da Coruña, na súa área metropolitana ou, de ser o caso, en Galicia, para o cal se seleccionarán as seis mellores propostas que serán obxecto dun contrato menor cada unha delas.

A adxudicación dos traballos á proposta mellor valorada realizarase mediante resolución da Concelleira de Participación e Innovación Democrática e formalizarase mediante contrato menor, conforme ao establecido no artigo 138 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos del Sector Público (TRL CSP).

### 3. CRÉDITO ORZAMENTARIO

O gasto total previsto para o exercicio 2017 é de 60.000 € (ive engadido) e imputarase á aplicación orzamentaria 80.924.227.06.

O orzamento repartirase equitativamente entre as seis mellores propostas realizándose un **contrato menor** por un importe máximo de **10.000€** por cada unha das seis propostas seleccionadas.

#### 4.- PARTICIPANTES

De conformidade co art. 54 do TRLCSP, poderán concorrer as persoas naturais ou xurídicas, que tendo plena capacidade de obrar non estean incursas nas prohibicións de contratar reguladas no art. 60 do TRLCSP e que se dediquen profesional ou empresarialmente a actividades relacionados co obxecto do contrato. Cada licitadora poderá presentar unha única proposta.

##### Requisitos de admisión:

- Experiencia en como mínimo dous proxectos de coñecemento aberto, innovación social e participación cidadá.
- Manexo de ferramentas dixitais de comunicación, documentación e traballo colaborativo.
- Que se trate de proxectos interdisciplinares.
- Que sexan proxectos que compartan e publiquen en código aberto tanto o proceso como os resultados do proxecto.
- Que sexan proxectos que teñan ao seu redor comunidades de aprendizaxe.

#### 5.- CONDICIÓNS

- Tratarase de proxectos de participación e innovación social con impacto na cidade da Coruña, na súa área metropolitana ou, se é o caso, en Galicia.
- Poderase tratar dun proxecto completo ou dunha fase dun proxecto no que xa se está traballando.
- Os proxectos ou a fase da que se trate deberán desenvolverse no ano 2017.
- Cada proxecto poderá recibir un importe máximo de 10.000 euros, IVE engadido que incluírá a totalidade dos gastos necesarios para o seu desenvolvemento.
- As persoas adxudicatarias terán todos os dereitos e obrigas inherentes a súa condición de empresarias do persoal a empregar, de acordo coa lexislación laboral e social aplicable, sen que en ningún caso o Concello da Coruña resulte responsable das relacións entre o contratista e os seus traballadores/as.

#### 6.- DOCUMENTACIÓN QUE TEÑEN QUE ACHEGAR AS PERSOAS LICITADORAS

As ofertas presentaranse en dous sobres pechados e asinados polo licitador facendo constar o seu nome co seguinte contido:

- SOBRE A: Subtitulado “Documentación administrativa”.
- SOBRE B: Subtitulado “Documentación técnica e económica”.

Nos anversos dos sobres consignarase con claridade o contido dos mesmos e o seguinte lema:

*"Proposición que presenta D/Dª... en representación de .... para a convocatoria para a realización mediante contratos menores de proxectos de innovación social dentro do programa "Laboratorio de Innovación Cidadán 2017" da Concellería de Participación e Innovación Democrática".*

Sobre A: Subtitulado "Documentación administrativa":

En aplicación do disposto no art. 146 do TRLCAP, a documentación administrativa, no momento da presentación da proposición consistirá na **declaración responsable** cuxo modelo se achega a este prego como **ANEXO I**. A declaración realizarase referida á data de finalización do prazo de presentación das ofertas e, en todo caso, a licitadora a cuxo favor recaia a proposta de adxudicación, ou a quen sexa requirido/a para iso polo órgano de contratación, deberá acreditar, previamente á adxudicación do contrato, a posesión e validez dos documentos esixidos no art. 146.1 do TRLCSP.

SOBRE B: Subtitulado "Documentación técnica e económica".

Conterá a seguinte documentación:

1. Carta de motivación e expectativas (extensión máxima de 500 palabras).
2. Memoria dos traballos realizados pola persoa licitadora relacionados con proxectos de participación e innovación social (extensión máxima de 10 páxinas por unha cara).
3. Memoria explicativa do proxecto de participación e innovación social que se vai desenvolver, cunha extensión máxima de 1.200 palabras especificando o título, a idea principal, os obxectivos, contidos, colectivos cos que se propón traballar, conexión coa veciñanza e co territorio, coas organizacións e coas diferentes áreas do Concello, actividades para desenvolver e aproximación á metodoloxía de traballo. Deberá detallarse a duración do proxecto e o calendario ou cronograma de realización.
4. Descrición das actividades a desenvolver para abrir o proxecto á cidadanía, organizacións, entidades, colectivos, persoas expertas etc., coa finalidade de mellorar o mesmo (extensión máxima de 3 páxinas).
5. Oferta económica conforme ao modelo que figura no ANEXO II desta convocatoria.

## **7.- LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES**

As propostas presentaranse, xunto coa documentación requirida no Rexistro Xeral do Concello da Coruña ou por calquera outro medio previsto no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O prazo de presentación de propostas será de 10 días hábiles, contados a partir do seguinte ao de publicación desta convocatoria na páxina web (<https://www.coruna.gal/participacion/es>) e no perfil do contratante do Concello da Coruña.

## 8.- PROCESO DE SELECCIÓN

### - Criterios de valoración

A selección das seis mellores propostas realizarase tendo en conta os seguintes criterios:

| CRITERIOS REFERIDOS AO PROXECTO                                                                                                                                                                                                                                                                 | PUNTUACIÓN       |
|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------------|
| Carta de motivación, valorarase a vinculación co enfoque xeral do proxecto do Co-Lab ( <a href="http://colab.coruna.gal/es/">http://colab.coruna.gal/es/</a> ) e coa importancia de realizar o proxecto na cidade da Coruña.                                                                    | Ata 20 puntos    |
| Memoria dos traballos: valoraranse os traballos realizados por enriba do mínimo esixidos como requisito de admisión e a diversidade dos traballos e dos ámbitos nos que se realizaron.                                                                                                          | Ata 15 puntos    |
| Valorarase o contido do proxecto e a súa vinculación cos ámbitos temáticos que aparecen na web e na forxa do Co-Lab, a innovación metodolóxica, nº e diversidade de colectivos cos que se queira traballar, proxectos colaborativos, coñecemento do territorio e das entidades que o conforman. | Ata 30 puntos    |
| Actividades públicas a realizar e abertas á veciñanza: número e proposta da actividade e colectivos e organizacións implicadas.                                                                                                                                                                 | Ata 10 puntos    |
| Que se trate de propostas nas que se fomente o traballo en equipo e a participación cidadá                                                                                                                                                                                                      | Ata 5 puntos     |
| Que se trate de propostas nas que se demostre o coñecemento do tecido de iniciativas cidadás e organizacións da cidade da Coruña, área metropolitana e de Galicia en xeral                                                                                                                      | Ata 10 puntos    |
| <b>TOTAL PUNTUACIÓN TÉCNICA</b>                                                                                                                                                                                                                                                                 | <b>90 PUNTOS</b> |

|                         |                  |
|-------------------------|------------------|
| <b>OFERTA ECONÓMICA</b> | <b>10 PUNTOS</b> |
|-------------------------|------------------|

|                         |                   |
|-------------------------|-------------------|
| <b>PUNTUACIÓN TOTAL</b> | <b>100 PUNTOS</b> |
|-------------------------|-------------------|

Seleccionaranse os seis proxectos que obteñan a maior puntuación total.

A puntuación mínima obtida nos criterios referidos ao proxecto para poder optar á adxudicación será de 50 puntos. As ofertas con puntuación inferior a este valor consideraranse tecnicamente inaceptables.

### - Comisión de valoración

Para a avaliación dos proxectos constituirase unha comisión de valoración integrada por un mínimo de tres membros, que serán designados mediante resolución da Concelleira de Participación e Innovación Democrática.

A xefa da Sección de Participación  
Fdo.: Maite Vázquez Portos

## ANEXO I.- DECLARACION RESPONSABLE:

**O SOBRE A:** Subtitulado “Documentación administrativa”. Conterá a seguinte declaración responsable:

D./D<sup>a</sup>:  
Con DNI:  
e domicilio en:  
provincia de:  
rúa:  
en nome propio ou en representación da empresa .....

á que representa na *convocatoria para a realización mediante contratos menores de proxectos de participación e innovación social dentro do programa “Laboratorio de Innovación Ciudadán” da Concellería de Participación e Innovación Democrática (exercicio 2017)”*.

**Declaro** que cumpro coas condicións establecidas legalmente para contratar coa Administración; e por tanto estou en posesión da documentación acreditativa da personalidade do empresario e, no seu caso, a súa representación, a través dos documentos que correspondan dos seguintes:

### **A) Documento acreditativo da personalidade xurídica do empresario**

**A-1)** Empresario individual: -Fotocopia do N.I.F., pasaporte ou documento que o substitúa.

**A-2)** Persoas xurídicas: escritura de constitución ou modificación no seu caso, inscrita no Rexistro Mercantil, cando este requisito fose esixible conforme á lexislación mercantil que lle sexa aplicable.

Se non o for: escritura ou documento de constitución, de modificación, estatutos ou acto fundacional, no que consten as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, no seu caso no correspondente rexistro oficial.

- Fotocopia do Cartón de Código de Identificación Fiscal (C.I.F.), debidamente compulsada.

**A-3)** Empresas comunitarias.

A capacidade de obrar das empresas non españolas de Estados Membros da Unión Europea acreditarase mediante a inscrición no rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde están establecidos ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.

**A.4)** Empresas non españolas de estados signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo (Islandia, Liechtenstein e Noruega).

A capacidade de obrar destas empresas acreditarase mediante a inscrición no rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde están establecidos ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación (Disposición Adicional 14 TRLCSP).

**A-5)** Empresas non comunitarias. 1.- Os empresarios estranxeiros deberán acreditar a súa capacidade de obrar cun informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da Oficina Consular en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa.

2.- Informe de reciprocidade: As persoas físicas ou xurídicas de estados non pertencentes á Unión Europea deberán xustificar mediante informe expedido pola Misión Diplomática Permanente Española, na que se faga constar que o estado de procedencia da empresa admite á súa vez a participación de empresas españolas na contratación coa Administración en forma substancialmente análoga.

Nos contratos suxeitos a regulación harmonizada prescindirase do informe sobre reciprocidade en relación coas empresas de estados signatarios do Acordo sobre Contratación Pública da Organización Mundial de Comercio.

**A-6)** Disposición común a empresas estranxeiras (comunitarias ou non comunitarias): declaración de sometemento á xurisdición de tribunais e xulgados españois.

As empresas estranxeiras deberán presentar unha declaración de sometemento á xurisdición dos Tribunais e Xulgados españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia no seu caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidese corresponder ao licitante (art. 146.1 d) do TRLCSP)

**B) Empresas estranxeiras non comunitarias: sucursal en España:**

**Declaro** que estou en posesión de documento acreditativo suficientemente xustificativo de que a Empresa á que represento ten aberta sucursal en España, con designación de apoderados ou de representantes para as súas operacións e que está inscrita no Rexistro Mercantil. (art. 55.2 do TRLCSP).

**C) Apoderados:**

**Declaro** que conto con poder notarial ou documento que xustifica de modo legal a personalidade para xestionar en nome e representación da miña poderdante, así como que o devandito poder ou documento xustificativo da personalidade e representación, no seu caso, é bastante para optar á licitación á que me presento.

**D) Incompatibilidades e débedas:**

**Declaro** que nin a empresa nin os seus administradores ou órganos de dirección están incurso en prohibicións de contratar coa Administración establecidas nos art. 60 e 146.1.c) do TRLCSP, así como que, na data de presentación da proposición, áchase ao corrente do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social.

**E)** De conformidade co art. 146.d) TRLCSP, a **dirección de correo electrónico** que se designa a efectos de notificacións é a seguinte .....

En \_\_\_\_\_, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ 20\_\_\_\_\_

O/A Licitador/a (asinado e rubricado)

## **ANEXO II: MODELO DE OFERTA ECONÓMICA**

D./D<sup>a</sup> \_\_\_\_\_  
con NIF (ou pasaporte ou documento que o substitúa)  
\_\_\_\_\_, actuando en nome propio ou en representación da  
entidade \_\_\_\_\_ con  
CIF: \_\_\_\_\_ e con domicilio en  
\_\_\_\_\_  
e teléfono \_\_\_\_\_ toma parte na convocatoria para a realización mediante  
contratos menores de proxectos de participación e innovación social dentro do programa  
“Laboratorio de Innovación Ciudadán” da Concellería de Participación e Innovación  
Democrática (exercicio 2017)”, e a cuxos efectos fai constar:

### **1º.- Que ofrece o seguinte **PREZO TOTAL****

- A) Prezo sen IVE.....euros).
- B) Imposto sobre o valor engadido (IVE).....euros.
- C) TOTAL (A + B).....euros.

**2º.-** Que coñece e acepta cantas obrigacións se deriven das bases desta convocatoria.

**3º.-** Que acompaña a documentación esixida nas bases.

En \_\_\_\_\_, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ 20\_\_\_\_

O/A Licitador/a (asinado e rubricado)